CONCELLO DE MONTEDERRAMO (OURENSE)
Praza de Montederramo, 28 – 32750 Montederramo C.I.F.: P3205000G

MARCOS DOMÍNGUEZ DE DIEGO (1 para 1)
Arquitecto Municipal R.Tecsenplan
Data de Sinatura: 27/01/2021
HASH: c0ad2e446dfe6613edfa66de58b90efb

# INFORME TÉCNICO – URBANÍSTICO INTERNO

| | |
|---|---|
| **SOLICITANTE :** | **Servizo de Enerxía e Minas; Xefatura Territorial de Ourense; Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación; Xunta de Galicia.** |
| **CLAVE XUNTA DE GALICIA :** | **IN408A 2020/42** |
| **PROMOTOR DA ACTUACIÓN :** | **Greenalia Wind Power, SLU, N.I.F. B70501473** |
| **EMPRAZAMENTO :** | **Parte correspondente ó Concello de Montederramo** |
| **TIPO DE SOLICITUDE :** | **Separata Montederramo: Solicitude de condicionado técnico** |
| **EXPEDIENTE :** | **2021-E-RC-37** |
| **REFERENCIA :** | **MDD_M 03/21** |

-

---

**Solicitude de informe:**

INFORMA ó Concello de Montederramo o técnico asesor Marcos Domínguez de Diego , Arquitecto colexiado Nº 3076 no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia ( COAG ).

En relación coa instancia presentada neste Concello polo solicitante, Servizo de Enerxía e Minas, Xefatura Territorial de Ourense, Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, Xunta de Galicia, para emisión de informe, como solicitude de condicionado técnico, para execución dun parque eólico de 13,50 MW de potencia total no concello de Montederramo (Ourense), composto por 3 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias do cableado e centro de seccionamento e control), correspondéndose co documento “SEPARATA CONCELLO DE MONTEDERRAMO DEL PROYECTO DE EJECUCIÓN DEL PARQUE EÓLICO “RODICIO II” EN LOS TÉRMINOS MUNICIPALES DE MACEDA Y MONTEDERRAMO (OURENSE)”, sendo o promotor da actuación GREENALIA WIND POWER, SLU, con C.I.F. B-70501473, e constando



Cod. Validación: A9WJEKFFKPCKSEEDPGXQDSCWJ | Corrección: https://montederramo.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 5

CONCELLO DE MONTEDERRAMO (OURENSE)
Praza de Montederramo, 28 – 32750 Montederramo C.I.F.: P3205000G

como autores do Documento "Dña. María Moreno Martínez, Ingeneiro de Minas Colegiado Nº 3229", no Concello de Montederramo, estímase oportuno informar :

PRIMEIRO - Normativa Urbanística

O Concello de Montederramo ( Ourense ) carece de Plan Xeral, polo tanto a normativa aplicable de forma xeral será a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, coas consideración legais en vigor, ou que non estean derrogadas, contidas pola Lei 3/2008, de maio, de ordenación da minaría de Galicia (DOG 6/06/2008); pola Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo (DOG 30/06/2008); pola Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia; e pola Lei 2/2010, do 25 de marzo (DOG 31/03/2010), e as Normas Complementarias e Subsidiarias Provinciais ( N.C.S.P. ). Será aplicable o "Decreto 143/2016, de 22 de septiembre, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia". Tamén será aplicable a "Delimitación de Suelo Urbano del Núcleo de Montederramo", de data xullo do 1993, o expediente de "Identificación de Núcleo Rural preexistente de Santiago da Medorra", de data 10 de agosto de 1999, o expediente de "Recoñecemento, Delimitación e Identificación do Núcleo Rural de Vilapequena", de data 06 de marzo do 2000, e o expediente "Delimitación do Núcleo Rural de Touzal", aprobado definitivamente por resolución do 24/09/2013. Do mesmo xeito tamén será aplicable a "Ley 9/2013, de 19 de diciembre, del emprendimiento y de la competitividad económica de Galicia".

Clasificación : Trátase, neste caso, de solo rústico, basándose na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que no Art. 31º, apartados a) e b), dice :

*"1. Terán a condición de solo rústico:*

> *a) Os terreos sometidos a algún réxime de especial protección, de conformidade coa lexislación sectorial de protección do dominio público marítimo-terrestre, hidráulico ou de infraestruturas, ou coa lexislación sectorial de protección dos valores agrícolas, gandeiros, forestais, paisaxísticos, ambientais, naturais ou culturais.*
>
> *b) Os ameazados por riscos naturais ou tecnolóxicos, incompatibles coa súa urbanización, tales como inundación, erosión, afundimento, incendio, contaminación ou calquera outro tipo de catástrofes, ou que perturben o ambiente ou a seguridade e a saúde."*



Cod. Validación: A9WJEKFFKPCKSEEDPGXQDSCWJ | Corrección: https://montederramo.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 5

SEGUNDO

Ós efectos dos condicionantes normativos estimados na presente solicitude terase en conta o estabrecido nos seguintes artigos e demáis normativa de aplicación no Concello de Montederramo:

Faise referencia o Artigo 33º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Faise referencia o Artigo 35º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Faise referencia ó réxime do solo en solo rústico, Art. 36º, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Respecto ás condicións xerais das edificacións no solo rústico faise referencia ó Art. 39º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

No Art. 91º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, explícase a necesidade de adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.

Do mesmo xeito faise referencia á "Ley 8/2009, de 22 de diciembre, por la que se regula el aprovechamiento eólico en Galicia y se crean el canon eólico y el Fondo de Compensación Ambiental" e a modificación incluida na "Ley 5/2017, de 19 de octubre, de fomento de la implantación de iniciativas empresariales en Galicia". Tamén o "Decreto 80/2000, de 23 de marzo, por el que se regulan los planes y proyectos sectoriales de incidencia supramunicipal", e a "Ley 21/2013, de 9 de diciembre, de evaluación ambiental".

Faise tamén referencia a demáis normativa técnica e instruccións técnicas complementarias de aplicación no Concello de Montederramo.

CONCLUSIÓN

NESTE CASO TRÁTASE DUN DOCUMENTO TÉCNICO TITULADO: "SEPARATA CONCELLO DE MONTEDERRAMO DEL PROYECTO DE EJECUCIÓN DEL PARQUE EÓLICO "RODICIO II" EN LOS TÉRMINOS MUNICIPALES DE MACEDA Y MONTEDERRAMO (OURENSE)", CON ENTRADA NO CONCELLO DE MONTEDERRAMO Nº 2021-E-RC-37 EN DATA 27-01-2021, PROMOVIDO POR GREENALIA WIND POWER, SLU, con C.I.F. B-70501473, PRESENTADO COMO SOLICITUDE DE INFORME A CONDICIONADO TÉCNICO, POR PARTE DO SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS, XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE, VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN, XUNTA DE GALICIA, EN TRAMO NO CONCELLO DE MONTEDERRAMO.

1. PREVIO EXAME DA DOCUMENTACIÓN OBRANTE NO EXPEDIENTE PARA CONSULTA EN REDACCIÓN DE EMISIÓN DE OBSERVACIÓNS E ALEGACIÓNS, EMÍTESE O SEGUINTE:

- A DOCUMENTACIÓN APORTADA EXPONSE COMO "SEPARATA CONCELLO DE MONTEDERRAMO DEL PROYECTO DE EJECUCIÓN DEL PARQUE EÓLICO "RODICIO II" EN LOS TÉRMINOS MUNICIPALES DE MACEDA Y MONTEDERRAMO (OURENSE)".



Cod. Validación: A9WJEKFFKPCKSEEDPGXQDSCWJ | Corrección: https://montederramo.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 5

CON RESPECTO Á NORMATIVA URBANÍSTICA EXPONSE A SÚA VIABILIDADE E CUMPLIMENTO NORMATIVO, DE ACORDO CO ESTABLECIDO NOS PUNTOS ANTERIORES DO PRESENTE INFORME [LEI 2/2016, DO 10 DE FEBREIRO, DO SOLO DE GALICIA, ARTIGOS 35º, 36º, 37º, 39º E OUTROS DA PRESENTE ], CONSIDERANDO O ESTABLECEMENTO E PRELACIÓN DE LICENZAS E OUTROS TÍTULOS ADMINISTRATIVOS CONTEMPLADOS NA NORMATIVA DE PLICACIÓN PARA O CASO EXPOSTO.

INDICAR QUE, DE ACORDO CO EXPOSTO NO DOCUMENTO SEPARATA DO PROXECTO DE EXECUCIÓN APORTADO, A ÁREA DE AFECCIÓN É DE 3.550 ha, SENDO A SITUACIÓN DOS AEROXERADORES A SEGUINTE:

Vértice UTM-X UTM-Y AYUNTAMIENTO

AE 01 620.526 4.678.509 Montederramo

AE 02 620.819 4.678.277 Montederramo

AE 03 621.154 4.678.077 Montederramo

CON RESPECTO A ÉSTO ESTARASE ÁS DETERMINACIÓNS DE LINDES, EN XUSTIFICACIÓNS XEOREFERENCIADAS, POLO "INSTITUTO GEOGRÁFICO NACIONAL".

DO MESMO XEITO, NA DOCUMENTACIÓN TÉCNICA APORTADA INDÍCASE O SEGUINTE:

"EL PARQUE EÓLICO RODICIO II ESTARÁ COMPUESTO POR 3 AEROGENERADORES MODELO SG145 4,5 DEL FABRICANTE SIEMENS GAMESA O SIMILAR, DE POTENCIA MÁXIMA ACTIVA DE GENERACIÓN ELÉCTRICA 4.500 KW PARA UNA POTENCIA INSTALADA DE 13,50 MW."

A DETERMINACIÓN DE ACTUACIÓN É A SEGUINTE:

- AEROGENERADORES.
- OBRA CIVIL.
- CENTRO DE SECCIONAMIENTO E CONTROL

2. COMO EXPOSICIÓN DE DETERMINACIÓNS A CONTEMPLAR NA DOCUENTACIÓN A PRESENTAR ESTABLÉCESE O SEGUINTE:

NA DOCUMENTACIÓN TÉCNICA APORTADA ESTABLÉCENSE AS CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DOS VIAIS. CON RESPECTO A ÉSTO INDICAR QUE SE CONSIDERA NECESARIO O ESTABLECEMENTO, NA DOCUMENTACIÓN APORTADA A COMPLETAR, DUN CRITERIO DE MANTEMENTO ANUAL POSTERIOR DE VIAS, ASÍ COMO DETERMINACIÓN PORMENORIZADA DE DEREITOS DE REGO E CAUCES E PASOS EXISTENTES, ASÍ COMO OS CREADOS NA CONFORMACIÓN DE VIAIS E CUNETAS, CON INDICACIÓN DE EVACUACIÓNS DE AUGAS Á PRESAS E REGOS EXISTENTES (OU A CREAR), PROTEXENDO O FUTURO MANTEMENTO DOS DEREITOS DE APROVEITAMENTO E PASO DE AUGA [REGOS, ETC.], EXECUCIÓN DE "PASOS" PARA VEHÍCULOS E GANDO NOS CASOS NECESARIOS, EXECUCIÓN



Cod. Validación: A9WJEKFFKPCKSEEDPGXQDSCWJ | Corrección: https://montederramo.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 5

DE CUNETAS , ETC, ASÍ COMO OS COMPROMISOS ESTABRECIDOS NO ART. 39º DA LEI 2/2016, DO 10 DE FEBREIRO, DO SOLO DE GALICIA.

3. DE NOVO, COMO EXPOSICIÓN DE DETERMINACIÓS A CONTEMPLAR NA DOCUENTACIÓN A PRESENTAR ESTABLÉCESE TAMÉN O SEGUINTE:

   EN CANTO A CONSTRUCCIÓN DO PARQUE EXPONSE O SEGUINTE, A CONSIDERAR PARA-LA SUA TRAMITACIÓN, COMO NECESIDADE EN EXPOSICIÓN E XUSTIFICACIÓN NA DOCUMENTACIÓN TÉCNICA APORTADA, DENTRO DO ESTABLECIDO NA NORMATIVA DE APLICACIÓN :

   TRATÁNDOSE DUNHA OBRA DE INFRAESTRUCTURA ELÉCTRICA, DAS CARACTERÍSTICAS EXPOSTAS NA DOCUMENTACIÓN APORTADA, INDÍCASE A NECESIDADE DE APORTE DUN PROXECTO COMPLETO, DE ACORDO COA NORMATIVA DE APLICACIÓN NO CONCELLO DE MONTEDERRAMO [ NO QUE PODERÁN IR INCLUIDOS OS ANEXOS – SEPARATAS ESTIMADOS OPORTUNOS DE ACORDO COAS CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS A TER EN CONTA ].

   DO MESMO XEITO A SUSODITA DOCUMENTACIÓN DEBERÁ CONTER A XUSTIFICACIÓN DE NORMATIVA DE APLICACIÓN NO CONCELLO DE MONTEDERRAMO, ASÍ COMO A DEMÁIS NORMATIVA REGLAMENTARIA REFERIDA Á OBRA EN CUESTIÓN [ DADO QUE EXISTE EDIFICACIÓN DE CONTROL, ETC., DEBERÁ XUSTIFICARSE O ESTABLECIDO NOS DISTINTOS DOCUMENTOS BÁSICOS DO CÓDIGO TÉCNICO DA EDIFICACIÓN, ESTUDO DE SEGURIDADE E SAÚDE O RESPECTO, ETC. ].

   PREVIO O INICIO DA ACTUACIÓN DEBERÁN APORTARSE OS OFICIOS DE DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAUDE PERTINENTES, ASÍ COMO DEMÁIS DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E ACREDITATIVA DOS TERREOS AFECTADOS QUE SEXA SOLICITADA POLA ADMINISTRACIÓN COMPETENTE Ó EFECTO.

   O SOLICITANTE DEBERÁSE COMPROMETER A CORRIXIR AS REPRECUSIÓNS QUE PRODUZA A IMPLANTACIÓN SOLICITADA NA CAPACIDADE E FUNCIONALIDADE DAS REDES DE SERVICIOS E INFRAESTRUCTURAS EXISTENTES, ASÍ COMO PRESTAR AS GARANTÍAS QUE LLE SEXAN ESIXIDAS POLA ADMINISTRACIÓN.

   EN ORDE Ó ANTERIOR, E DE ACORDO CO ESTIMADO NECESARIO PARA ESTE TIPO DE ACTUACIÓNS, EN BASE A NORMATIVA DE APLICACIÓN, DEBERÁ PREVE-LAS MEDIDAS CORRECTORAS NECESARIAS PARA MINIMIZA-LA INCIDENCIA DA ACTIVIDADE SOLICITADA SOBRE O TERRITORIO, ETC."

ORZAMENTO ESTIMADO EXECUCIÓN MATERIAL PARA O PARQUE EÓLICO RODICIO II:

- 10.237.681, 75 €

ORZAMENTO ESTIMADO EXECUCIÓN MATERIAL SOBRE AFECCIÓNS Á VIAIS E GABIAS:

- 92.899, 88 €

Montederramo, a 27 de xaneiro do 2021

O ARQUITECTO ASESOR TÉCNICO

Asdo.: Marcos Domínguez de Diego, arquitecto

representante de T E C S E N P L A N S.L.P.



Cod. Validación: A9WJEKFFKPCKSEEDPGXQDSCWJ | Corrección: https://montederramo.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5